

Proxecto para a rehabilitación da zona dunar na praia de Ladeira.

Concello de Baiona

GAC 7: Ría de Vigo-A Guarda



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es



Vista aérea da zona da praia de Ladeira onde se vai desenvolver o proxecto.



Obxectivos xerais do proxecto:

- Fomentar a limpeza e coidado das praias e dos ecosistemas dunares.
- Dar a coñecer as dunas e a súa vexetación.
- Mellorar o estado das dunas da praia de Ladeira.
- Aumentar o grao de conciencia por parte dos usuarios destes espazos.
- Eliminar especies alóctonas/exóticas do interior da duna.
- Reorganizar as zonas de aparcamento próximas á duna.
- Promover a sostibilidade das actividades recreativas e turísticas da zona.



Parcela delimitada para a extracción de plantas exóticas na zona de acceso dos usuarios á praia de Ladeira.



Descrición dos traballos a realizar:

1. Presentación dos contidos do proxecto diante dos medios de comunicación.
2. Eliminación de entullos, restos plásticos e outros residuos da duna e dos espazos adxacentes a ela.
3. Colocación de 4 balizas interpretativas para informar sobre os valores do ecosistema dunar e o interese pola súa conservación.
4. Construción e colocación de novos accesos realizados en madeira tratada, especialmente para persoas con dificultades de mobilidade.
5. Reorganización das zonas de aparcamento, eliminando aquelas máis próximas á duna e habilitando outras máis afastadas.



Equipo de biólogos da empresa Estela e da Universidade de Vigo eliminando especies alóctonas.



Diagnose de partida:

O sistema dunar da praia de Ladeira destaca por 3 aspectos fundamentais

Rexeneración da propia praia.

Conservación de especies de fauna e flora autóctonas.

Necesidade dunha mellora da sinalización e protección da duna



Biólogos da empresa Estela e da Universidade de Vigo explicándolle á prensa o traballo que se está a realizar na duna.



Principais problemas:

- O sistema dunar da praia de Ladeira ten unha serie de problemas e inconvenientes que ameazan a súa supervivencia:
 - Presenza de lixo (plásticos, vidros, papeis, etc.)
 - Numerosas especies alóctonas (p. ex. *Arctotheca calendula* ou *Stenotaphrum secundatum*).
 - Entrada dos usuarios da praia por zonas non habilitadas.
 - Falta de sinalización adecuada e poucos sinais de prohibición de acceso á duna.
 - Presenza masiva de vehículos nas zonas máis próximas á duna.



Algúns dos sacos con especies alóctonas
recolidos nunha xornada de traballo.



Stenotaphrum secundatum



Xustificación:

- Promoción económica:

A mellora e conservación do sistema dunar asegura a supervivencia da praia de Ladeira e de todos os negocios asociados a ela (cámping, restauración, aloxamento, alquiler de embarcacións de recreo, pesca, actividades ao aire libre, etc.)



A área de traballo foi convenientemente delimitada para evitar o paso de usuarios da praia durante o proceso.



Xustificación:

- Mellora do contorno natural e da calidade ambiental:

Mellora do conxunto da praia de Ladeira, coa eliminación de lixo e restos de entullo, favorecendo a calidade da area da praia e das súas augas.



A limpeza destas zonas na duna é un traballo laborioso e constante ao longo de varias xornadas.



Xustificación:

- Cohesión social:

Dos beneficios deste proxecto gozan todos os sectores da sociedade baionesa, principalmente os veciños e os escolares que realizan actividades na praia durante todo o ano, así como os turistas que acoden en época estival.



Imaxe con máis vexetación alóctona eliminada noutra xornada de traballo.



Stenotaphrum secundatum



Xustificación:

- Fomento da sociedade da información:

Todos os contidos deste proxecto estarán a disposición dos usuarios na web do Concello de Baiona. Tamén se poderá acceder a eles a través dos códigos QR instalados nas balizas interpretativas:

www.baiona.org



Na páxina web de Baiona ofrécese información puntual dos traballos que se están a levar a cabo nas dunas.



Xustificación:

- Fomento da igualdade de oportunidades:

Fomento da participación en actividades diversas e visitas guiadas de colectivos e persoas con menos oportunidades, especialmente aquelas en risco de exclusión social.

Favorecemento dos principios de COOPERACIÓN e PARTICIPACIÓN...



A colaboración entre dos distintos equipos de traballo é fundamental neste proxecto do sistema dunar.



Investimentos a realizar:

Conceptos

- Eliminación de especies alóctonas e retirada de entullo e lixo.
- Reorganización do aparcamento con novos valados perimetrais.
- Deseño e colocación de 4 balizas interpretativas na duna.
- Mellora dos accesos á praia acondicionados para persoas con mobilidade reducida.
- Elaboración de materiais relacionados co proxecto para a súa difusión entre os medios de comunicación, centros escolares, entidades cívicas e web do Concello de Baiona.

Coste: 6.812,30 € (IVE incluído)
Achega do GAC-7 (86%): 4.800,41 €
Concello de Baiona (14% + IVE): 2.011,89 €



Parcela A (57 m²) do sistema dunar de Ladeira, con moita presenza de especies alóctonas.



Parcela B (70 m²) do sistema dunar de Ladeira, con moita presenza de especies alóctonas.



Co financiamento de:



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO



CONSELLERÍA DO MAR



Fondo Europeo
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es

